

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 4331/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

EXPEDIENTE: 4331/2024

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO POSTO DIRECTOR/A

Por resolución de alcaldía de data de 09/09/2024 aprobáronse as bases para a selección do persoal que conformará o equipo docente e directivo necesario para a realización do proceso selectivo do equipo docente e directivo do Programa de emprego denominado "XUVENTUDE I"

O anuncio da convocatoria deste proceso selectivo e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 174 de data de 10/09/2024, abrindo o prazo de presentación de solicitudes e rematando este o 17/09/2024.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos na base 3ª e anexo deste proceso selectivo, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do posto de director/a.

Vista a proposta de resolución PR/2024/646 de 18 de setembro de 2024.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Declarar provisionalmente admitidas no proceso selectivo dun/ha director/a para o programa de emprego "XUVENTUDE I", ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 3ª e anexo das que rexen este procedemento:

Nº	Nome
1	ANDRES RAMON PEREZ BARRERA
2	JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS

Segundo.- Declarar provisionalmente excluídas no proceso selectivo dun/ha director/a para o programa de emprego "XUVENTUDE I" ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

Nº	Nome	Motivo da exclusión
1	MARIA FERNANDA CORES CES	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA.
2	MARIA MERCEDES CIFUENTES DIAZ	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA.

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello www.boiro.gal e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de dous días naturais a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE